



V PARRULAS FEST 2024 – Festival Miúdo de Nigrán

5,6,7,8 AGOSTO 2024

O *Parrulas Fest Nigrán* é un festival de artes escénicas dirixido a público infantil e familiar. A primeira edición celebrouse en agosto de 2020 no esteiro da Foz, no concello de Nigrán. A duración do festival é de 4 días.

O *Parrulas Fest Nigrán* caracterízase por facer unha variada e coidada programación na que destacan valores como a igualdade, o coñecemento, a escoita e o humor. Outro dos propósitos deste festival é achegar ás veciñas e veciños do Val Miñor ás artistas máis recoñecidas do país e poñer a Nigrán no mapa dos festivais de artes escénicas en Galicia. Así como sementar nas máis cativas o amor pola cultura, a lingua galega, a igualdade e compartir o tempo coas familias e amigas. Todo isto nun enclave natural como é o esteiro da Foz, fomentando así o uso de espazos verdes e o disfrute da natureza.

Este ano celebramos a quinta edición do *Parrulas Fest*, consolidando o festival nas programacións culturais do concello de Nigrán e da contorna do Val Miñor na tempada de verán. Nesta edición participarán 9 compañías chegadas de Galiza, Euskadi, Catalunya e Madrid.

Contaremos de novo con dúas funcións dirixidas á primeira infancia: unha musical e outra de narración oral. Ademáis este ano tamén contaremos con camisetas e chapas do *Parrulas Fest* que estarán á venda no recinto durante a celebración do festival. Ademáis do *merchandising* habitual de "Pallasos Sen Fronteiras" o último día na gala solidaria.

Destacamos que a recadación da gala solidaria deste ano será destinada a Gaza, a través de futuros proxectos proxectos de Pallasos Sen Fronteiras. Nesta quinta edición agardamos ter moi boa acollida por parte do público ao igual que nas pasadas edicións.

COMPAÑÍAS:

MAGO NOEL (Galiza)

Que Curioso!

Que Curioso! é un espectáculo de maxia moi participativo, colorido e divertido. Combina diversas disciplinas circenses e teatrais co gallo de amosar que a prestidixitación, os malabares, o humor, a música e a poesía crean, por sí mesmas, un espazo de comunicación xenuíno entre o mago e o público.

SINCRONACIDAS (Galiza / Catalunya)

Ohlimpiadas

Dúas limpiadoras aburridas da súa rutina diaria, crean un mundo de fantasía onde a súa xornada laboral é retransmitida coma unha competición olímpica. O xesto deportivo, a danza, os portes acrobáticos e o humor dan soporte a este mundo de disparate pra o deleite de todos os públicos.

PISTA CATRO (Madrid / Galiza)

O Autoestopista Intergláctico

Unha porta a outros mundos e universos... *O Autoestopista Intergláctico*, é o primeiro show onde Aitor da renda solta a todo ese mundo que leva tempo creaando dentro da súa cabeza a través das súas experiencias escénicas e que necesitaba plasmar neste novo show . Emprega a técnica do transformismo fusionandoa có clown. O resultado é unha divertida sucesión de personaxes e situacións cómicas e absurdas.

MAITE GUEVARA (Euskadi)

¡Qué Buen Día!

Chova, neve ou saraibe... para Martina sempre pode ser un bo día. Martina ven hoxe a mostrarnos que quen soña e abre ben os ollos pode ver un mundo de posibilidades infinitas. Un espectáculo de clown para persoas de todas as idades con ganas de pasalo ben: absterse aburridas, tramosas e as que non teñan ganas de xogar ou imaxinar. Se non vimos a xogas, a que diantres vimos?

MARTA ORTIZ (Catalunya / Galiza)

Tralará

Marta Ortiz xunta contos, cantigas e obxectos. Contos de antes e de agora, cun pé para adiante e outro para atrás, bailando entre a tradición e a actualidade.

Tralará ten o ritmo no corpo, cos cantos e refráns, retrousos e rimas, xogos de palabras e contos versados. O ritmo que emana do propio contar, da lingua.

Contaremos coas mans e bailaremos cos dedos, escoitaremos as aventuras dun botón que foi parar ao reino da sardiña, a historia dunha ratiña viaxeira que soñaba con vivir nunha illa, imaxinaremos o que sucede no obradoiro do zapateiro, cando pola noite os zapatos camiñan sós e as zocas saen a bailar.

CRIS COLLAZO (Galiza)

A Vendedora De Fume

CHAFALLAS vai de pobo en pobo buscándose a vida, conta historias dos seus obxectos máis prezados e entretén a xente en troco de comida ou algo de diñeiro. Sabe facer de todo, ás veces sáelle ben, outras... non tan ben, pero o que si fai é poñerlle moi boa intención. É nómade, vai coa súa casiña ás costas e coma un caracol, leva historias enroscadas. Entende o idioma dos animais, é unha sabia da natureza e sen sabelo, a primeira muller narradora que vive do seu oficio. As noites sen teito non son fáciles; e pra pasalas, enreda coas palabras e a música ata durmir paseniño e que o fermoso son da alborada a desperte.

PETER PUNK PALLASO (GALIZA)

Rutinas Clásicas

Peter Punk é un dos pallasos máis destacados e programados de Galicia. Conta con máis de 1000 funcións en diversos países, programación e espazos. Os seus espectáculos destacan pola gran acollida entre o público miúdo e adulto. Leva máis de 20 anos traballando coa súa compañía unipersoal *Peter Punk Pallaso*, que conta con 7 espectáculos en distribución. Nesta ocasión ofrecerá unha selección das súas rutinas máis divertidas, ademáis de presentar a Gala Solidaria de PSF.

JARA ORTIZ (GALIZA)

Lúa Triangular, Nada É Imposible

"LÚA TRIANGULAR, nada é imposible" é un espectáculo de conacontos musical da artista Jara Ortiz, baseado no libro "Marta e a píntega" da autora Eli Ríos (Ed. Galaxia), onde a nena Marta coñece á píntega Oli e xuntas viaxan ao Mundo dos Contos, onde vivirán un montón de aventuras e transformarán o mundo nun lugar mellor, cheo de diversidade e máis xusto, onde sexamos iguais e as princesas dos contos poidan ser felices, creando e visibilizando as súas propias historias.

ANTÓN COUCHEIRO (Galiza)

Cigani

Chega sen papéis, infrinxindo todas as leis, alterando a orde pública, transgredindo as normas. Irá detrás de vostede, lerá a súa mente, fará malabares con ladrillos, roubaralle a carteira, casará coa súa muller, boxeará cas súas fillas, fuxirá da poli, fará de todo por arrincarlle un sorriso... e uns pesos. Descarado, delincuenta, polígamo, macarra, encantador, xenial. A xente rirá e chorará con el, porque todas levamos dentro unha crianza con ganas de xogar. Chega de Macedonia, o seu pai é de Plátano, a súa nai de Fresa e el naceu en Melocotón, o seu nome é Cigani!!!

GALA SOLIDARIA POR GAZA "PALLASOS SEN FRONTEIRAS"

Un ano máis non podía faltar a Gala Solidaria de "Pallasos Sen Fronteiras" no Parrulas Fest. Unha gala moi especial á gorra presentada por Peter Punk Pallaso e na que diversas artistas ofrecerán un espectáculo para apoiar a *PALLASOS SEN FRONTEIRAS*, unha organización que desenvolve o seu traballo a favor da infancia máis desfavorecida do estado. Así mesmo tamén actúa a nivel internacional para mellorar a situación emocional de nenos e nenas refuxiadas, desprazadas e afectadas por conflitos armados e desastres naturais.

Este ano, a recadación da gorra solidaria, destinarase a proxectos en Gaza.



DÍA	HORA	COMPañÍA	LUGAR
LUNS 5 AGO	19:30	MAGO NOEL	FOZ
LUNS 5 AGO	20:30	SINCRONACIDAS	FOZ
MARTES 6 AGO	19:30	PISTA CATRO	FOZ
MARTES 6 AGO	20:30	MAITE GUEVARA	FOZ
MÉRCORES 7 AGO	12:00	MARTA ORTIZ	FOZ
MÉRCORES 7 AGO	19:30	CRIS COLLAZO	FOZ
MÉRCORES 7 AGO	20:30	PETER PUNK	FOZ
XOVES 8 AGO	12:00	JARA ORTIZ	FOZ
XOVES 8 AGO	19:30	ANTÓN COUCHEIRO	FOZ
XOVES 8 AGO	20:30	GALA SOLIDARIA "PALLASOS SEN FRONTEIRAS" presentada por PETER PUNK PALLASO	FOZ



ola@charlatana.org
637 756 129